

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, E
A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG),
PARA A IMPLEMENTACIÓN, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA MARCA Q DE
CALIDADE TURÍSTICA NO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA**

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, D. Francisco González López, en calidade de Presidente da **Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia** (en adiante, CTG), con domicilio no Edificio Centro Emprendemento (Coworking) da Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n 15707, Santiago de Compostela (A Coruña), elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG, de 4 de abril de 2014, e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 22 dos estatutos da entidade, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia con número 2013/017785 Sección 1.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,



EXPOÑEN

I. Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

II. Que a calidade, como factor de diferenciación das empresas turísticas, constitúe unha liña de actuación imprescindible na nova forma de enfocar a estratexia competitiva do sector turístico galego. Neste sentido, a Axencia Turismo de Galicia e o sector privado deben fortalecer a súa colaboración na consecución do fin común de promoción da marca Q de Calidade Turística.

III. Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a **única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia**, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

IV. Que a Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente convir co CTG para o impulso da marca Q de Calidade Turística nos establecementos e servizos turísticos de Galicia, xestionada polo Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), que determina que os establecementos e actividades turísticas gozan de determinados niveis de calidade, seguridade e profesionalidade.

En consecuencia e, dado o interese coincidente da Axencia Turismo de Galicia e o CTG, as partes acordan a formalización deste convenio de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

1.O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o CTG para a implementación, difusión e promoción dos servizos turísticos de Galicia coa marca Q de Calidade Turística a través:

-Do apoio á implantación voluntaria en empresas turísticas de Galicia inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia, das normas de calidade desenvolvidas polos subsectores turísticos empresariais adheridos ao Instituto para a Calidade Turística Española. Este apoio consistirá nunha labor de asesoramento a empresas e actividades do sector turístico mediante a súa preparación para estar en condicións de superar a auditoría externa necesaria para a posterior consecución da Q de calidade turística.

-Do apoio e recoñecemento da Marca de Calidade Turística Española como marca diferenciadora da calidade e dos establecementos certificados

1.Non será obxecto do presente convenio, as actuacións en aqueles establecementos ou entidades sitos en Galicia pertencentes a colectivos subsectoriais a nivel estatal, cuxa certificación e/ou renovación da marca Q de Calidade Turística do ICTE, se realice baixo a modalidade multi-site a nivel estatal. Igualmente estarán excluídos do presente Convenio aqueles servizos ou produtos turísticos de xestión pública.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E GASTOS SUBVENCIONABLES

O investimento total do presente convenio ascende a 150.000,00 € (IVE incluído) para a anualidade 2018, que se desagrega como se detalla a continuación:





CONCEPTO	IMPORTE
A. Asistencia técnica externa para a coordinación das actuacións obxecto deste convenio (13,75%)	20.625,00 €
B. Impulso na consecución de novas certificacións Q de calidade turística e impulso de seguimento e renovacións Q (86,25%)	129.375,00 €
TOTAL	150.000,00 €

A achega da Axencia Turismo de Galicia será dun máximo de 150.000€ e realizarase con cargo á partida orzamentaria 04.A2.761A.470.0, proxecto 2015 00006 dos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2018.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento establecido nesta cláusula, e que se **realicen a partir do 1 de xaneiro de 2018**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no citado artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, no seu parágrafo 7, serán **subvencionables** os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

O importe correspondente ao IVE só terá carácter de gasto subvencionable na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por este coa xustificación do convenio.



TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

I. O CTG comprométese a:

1. Asesoramento para a implantación e certificación da marca Q de Calidade Turística en empresas turísticas de Galicia inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia, cuxo domicilio social estea no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, cos seguintes obxectivos:

a) Acadar un mínimo de 20 novas empresas certificadas coa Q de calidade turística. Os novos establecementos ou actividades en proceso de primeira certificación deberán ter unha composición equilibrada tanto dende un punto de vista territorial en toda Galicia, como desde un punto de vista dos sectores, sen perxuízo de que non exista unha obriga mínima por sectores. Neste sentido, os sectores serán: Hoteis, hoteis-balneario, campings e cidades de vacacións, aloxamentos de turismo rural, turismo industrial (adegas visitables), axencias de viaxes, OPCs, palacios de congresos, turismo náutico, turismo activo, campos de golf, restaurantes, cafeterías e bares, ocio nocturno, transportes turísticos e servizos de turismo de saúde.

b) Acadar o mantemento do número de certificados en procesos de 1º e/ou 2º seguimento e/ou renovación da marca Q que resulte a 1 de xaneiro de 2018 (Anexo I: Entidades mantemento Q para o ano 2018). Os establecementos en procesos de seguimento e/ou renovación que manifesten de forma expresa o seu desexo de baixa na certificación da marca Q e as entidades que manifestan o seu interese de non adherirse ao Convenio, deberán acreditarlo por escrito mediante unha comunicación detallando os motivos da baixa ou non participación no convenio.



O obxecto do convenio será manter, e se é posible, incrementar o número de certificacións Q en Galicia, no cómputo final do exercicio natural de vixencia do presente convenio.

Por tanto, o obxectivo cuantitativo do presente convenio determinarase mediante o balance de certificacións Q no exercicio 2018, sendo un mínimo de 217 entidades coa marca Q no ámbito do CTG. A estes efectos o balance de certificacións determinarase da seguinte forma: certificacións existentes incluídas no Anexo I (217 certificacións), máis as novas do exercicio 2018, menos as baixas producidas no exercicio 2018. Estas certificacións serán unicamente as recollidas no obxecto do presente convenio.

2. Difundir a marca Q de Calidade Turística, segundo o caso, mediante a incorporación nos seus documentos promocionais xenéricos, tanto en soporte papel coma dixital, publicidade xeral e imaxe corporativa da marca Q de Calidade Turística así como mediante a distribución do distintivo Q aos novos establecementos que acaden a súa primeira certificación na anualidade de vixencia do presente convenio, así como aqueles que manteñan a marca en procesos de seguimento e renovación no presente ano.

3. Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.

4. Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia- Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.

5. Incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.



6. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.

7. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

9. A comprobar que as empresas beneficiarias cumpren os requisitos de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

10. Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”



11. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

II. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a:

1. Financiar as actuacións obxecto deste convenio cunha achega de 150.000€. Esta achega faise para compensar os custos nos que vai incurrir o CTG no desenvolvemento das actuacións previstas, e realizarase unha vez que o CTG achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

2. Así mesmo, a Axencia colaborará para a mellor consecución dos fins comúns deste convenio, coas seguintes actividades:

a) Apoio técnico e profesional nos protocolos de traballo, información e funcionamento que deseñe o CTG para a implementación do sistema de calidade nos establecementos e actividades.

b) Incorporación nos seus documentos promocionais xenéricos, tanto en soporte papel coma dixital, o distintivo da marca Q de Calidade Turística aos establecementos que acaden dita certificación.

c) Inclusión dun espazo específico para os establecementos certificados coa marca Q na edición do folleto Calidade Turística Galicia 2018.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.



En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN

O CTG, como entidade executora das actuacións recollidas no presente convenio, co obxecto de garantir a adecuada execución das mesmas, comprométese a asumir a dirección técnica, debendo proceder en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións previstas no presente convenio, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir CTG para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante CTG, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O CTG será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda



a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

SEXTA.- PERSOAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. O CTG será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de



xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterà con carácter xeral coa seguinte documentación:

-Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A Axencia de Turismo de Galicia, a través da Delegación Territorial do ICTE en Galicia, emitirá un informe das entidades certificadas en data de 12 de decembro de 2018, ao obxecto de verificación dos obxectivos establecidos na cláusula terceira I, puntos 1.a) e 1.b).

-Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:

a)Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b)Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

c)Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d)Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e)Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f)No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

g)Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.



Por outro lado, o CTG deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de



recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O CTG quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo gardan relación directa co obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de decembro de 2018.

De non acadarse os obxectivos cuantitativos expresados no punto 1.a) e 1.b) da cláusula terceira I, procederase a minorar a axuda nas seguintes contías fixas:

- a) Por cada certificación da marca Q de calidade turística non acadada dentro do obxectivo das 20 novas Q na anualidade de vixencia do presente convenio: 2.000 euros
- b) Por cada certificación por debaixo do obxectivo de balance final das entidades coa marca Q en Galicia ao remate do presente Convenio: 1.000 euros

Cada unha das posibles penalizacións, imputaranse proporcionalmente aos conceptos reflectidos na táboa da cláusula segunda:

A. Asistencia técnica externa para a coordinación das actuacións obxecto deste convenio (13,75%)

e

B. Impulso na consecución de novas certificacións Q de calidade turística e impulso de seguimento e renovación de certificacións Q (86,25%)



OITAVA.- PAGOS ANTICIPADOS E PAGOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación conforme ao artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de ata un 80% sobre os primeiros 18.000 € e de un 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 €.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, pagándose por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe establecida no seguinte parágrafo. Para proceder ao seu pagamento, a o CTG deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos a anticipados e a conta poderá acadar o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, segundo dispón o citado artigo 62.

Os pagos a conta e os pagos anticipados deberán estar garantidos de conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das contías pagadas a conta ou das cantidades anticipadas.

NOVENA.- RÉXIME DE MÍNIMIS

O CTG requirirá as empresas beneficiarias finais deste convenio para que se acollan ao réxime de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do



18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

DÉCIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento e Control do presente convenio, formada por tres representantes da Axencia Turismo de Galicia e tres do CTG, co obxecto de realizar un seguimento do cumprimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer solucións as controversias que xurdan na aplicación e interpretación das cláusulas deste convenio.

Esta Comisión reunirase de xeito ordinario cada dous meses, e de xeito extraordinario cando o solicite algunha das partes.

A presidencia da Comisión será exercida pola Directora da Axencia Turismo de Galicia, que terá voto de calidade.

Os acordos da Comisión serán adoptados por maioría de votos, e serán inmediatamente executivos.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO E REINTEGRO

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o CTG deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.



Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.



DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO QUINTA.- AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.



DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2018.**

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, no lugar arriba indicado.

Pola Axencia Turismo de Galicia
A directora de Turismo de Galicia

Polo Clúster Turismo de Galicia
O Presidente do CTG

M^a Nava Castro Domínguez

Francisco González López

